

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000001.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres**, día **11 de xaneiro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DA CONSTRUCCIÓN MEDIANTE A REALIZACIÓN DE DEMOLICIÓN REFORMA E ADECUACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN DE USO RESIDENCIAL, PARA IMPLANTAR UN ALMACÉN DE USO AGRÍCOLA, EN O TELLADO, ROMEÁN (EXPTE: 2019/Y001/000042).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA CON PISCINA, OBRAS DE URBANIZACIÓN NA PARCELA E PECHE DA MESMA, NO UZPI-1.R., NA URBANIZACIÓN DO SECTOR NORTE I, PARCELA 2D (Expte: 2020/Y001/000231).

ÁREA DE GOBERNOD E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. DESISTENCIA DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA MUNICIPAL. EXPTE. REF.2021/C003/000024 Á VISTA DA RESOLUCIÓN NÚMERO 164/2022 DE 14 DE SETEMBRO DE 2022 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8678993286834474822.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-1-2023

ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NÚM. 124/2022 INTERPOSTO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

PERSOAL

4. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS E ADMINISTRATIVOS.

5. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL VIXILANTE/A RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2017) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2016).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,